

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 10-2021). “SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA PARA O ANO 2021, CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT236A”

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 874,43 € en base á “SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA PARA O ANO 2021, CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT236A”, procedente da Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, de data 01/06/2021 (DOG núm.108 de data 09/06/2021) pola que se lle concede ó Excmo. Concello de Lugo, subvención para o mencionado programa, polo importe de 874,43 €, así como o coeficiente de financiamento afectado 100 % e tendo en conta o interese na execución do mencionado proxecto manifestado pola Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

- “SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA PARA O ANO 2021, CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT236A”, así como a Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, de data 01/06/2021 (DOG núm. 108 de data 09/06/2021) pola que se lle concede ó Excmo. Concello de Lugo, subvención para o mencionado programa, polo importe de 874,43 €, así como o coeficiente de financiamento afectado 100 %

-Proposta da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, de data 14/06/2021 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados.

XERACIÓN DE CRÉDITO:

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos de ingreso da Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación e Universidade).- CIF: S1511001H

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac1288751333138187988.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 10-2021

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
45080	213321101	Actividades de animación da lectura nas Bibliotecas	874,43 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
33211.22699	213321101	Actividades de animación da lectura nas Bibliotecas	874,43 €

A tal efecto e tendo en conta que o recurso proposto para financiar a presente modificación orzamentaria é o compromiso firme de aportación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, (CIF S1511001H), de data 01/06/2021 (DOG 108, de 09/06/2021) por importe de 874,43 € (Código de proxecto 213321101)

Tendo en conta igualmente que o actual expediente de Modificación de créditos aparece nivelado no seus Estados de Gastos e Ingresos, conforme queda indicado.

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref. 2021/986 do 15/06/2021.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO**:

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 10-2021), introducándose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

Xeración de créditos.-

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos de ingreso da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
45080	213321101	Actividades de animación da lectura nas Bibliotecas	874,43 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
33211.22699	213321101	Actividades de animación da lectura nas Bibliotecas	874,43 €

Coefficientes de Financiamento afectado: 100%

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.